

**Bases do Concurso de
Xoves Gaiteiros Solistas
Concello do Grove**

II CONCURSO DE XOVES GAITEIROS SOLISTAS

CONCELLO DO GROVE

BASES:

1. Poderán participar todos os gaiteros de calquera procedencia da xeografía galega que o desexen acompañados de redobranter.
2. Só se admitirán **instrumentos tradicionais galegos**. No caso da percusión admitiranse caixas de corpo metálico e parche de pel.
3. Ningún dos concursantes poderá participar con máis dunha parella.
4. Establecerase unha soa categoría comprendida entre as idades **dos 14 os 22 anos** (tanto para o gaiteiro como para o redobranter) na que participarán un máximo de 25 parellas e un mínimo de 15 parellas, seleccionadas por rigorosa orde de inscrición. A organización informará ás parellas seleccionadas unha vez rematado o prazo de inscrición.
5. As parellas que desexen participar no concurso deberán dirixir por **correo electrónico** unha folla inscrición por conxunto perfectamente cuberta ao seguinte enderezo:

xuventude@concellodogrove.com

A folla de inscrición deberá ir obrigatoriamente acompañada das partituras das pezas a interpretar así coma dun breve currículo dos integrantes do conxunto que non supere as 10 liñas, e copia dos D.N.I. dos dous. En ningún caso serán admitidos os cambios dos datos que aparezan na folla de inscrición ou das pezas a interpretar. O modelo de folla de inscrición estará á disposición dos interesados na páxina web do Concello de O Grove:

<http://www.concellodogrove.com/>

e en:

www.cantodorxo.es

6. O prazo de **inscrición remata o 24 de marzo** de 2014 ás 14:00 horas.
7. O concurso terá lugar na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey o día **30 de marzo de 2014**.

8. A orde de actuación será inversa á de inscrición.

9.- O concurso constará de dúas partes:

-unha en horario de mañá, na que se interpretará **unha peza obrigatoria** para todos os participantes e da que se adxunta partituta ó final das bases

-outra en horario de tarde na que os 12 primeiros clasificados elixidos polo xurado na xornada da mañá interpretarán unha peza **TRADICIONAL¹** de libre elección.

10.- Todos os participantes inscritos, os que lles fora aceptada a súa participación, deberán presentarse na **Casa da Cultura Mannuel Lueiro Rey de O Grove o día 29 de marzo as 11:00h da mañá** cos D.N.I. dos dous compoñentes. As 11:30h dará comezo o concurso onde todos os participantes terán un máximo de 3 minutos para interpretar a peza obrigatoria (para esta eliminatoria non é necesario vestir traxe tradicional)

Unha hora despois do remate serán publicados nas portas da Casa da Cultura os 12 finalistas para a final da tarde coa orde de actuación.

Os clasificados para a final deberán presentarse **as 17:45h vestidos co traxe tradicional** para dar comezo á mesma as 18.00h.

Os participantes na final terán un máximo de 5 minutos e un mínimo de 3 minutos para interpretar unha peza **tradicional¹ (ou varias encadeadas)** de libre elección. Neste tempo inclúese a preparación ou cambio de instrumento, si a necesítase, afinación....etc.

Os participantes que non cumpran co tempo establecido serán penalizados con un punto por cada 20 segundos por riba ou por baixo do estipulado.

11. Premios:

^º
1 Premio dotado con 500 € e trofeo

^º
2 Premio dotado con 300 € e trofeo

^º
3 Premio dotado con 150 € e trofeo

Premio para o mellor acompañamento con 100€

12. Calquera dos premios pode quedar deserto se o xurado así o estima.

13. O xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da música tradicional galega e por un representante do Concello de O Grove (con voz pero sin voto). Os membros do xurado serán os encargados de xulgar as actuacións dos participantes seguindo as indicacións estipuladas nas presentes bases.

O xurado terá que escoller aos participantes que, ao seu xuízo, sexan os merecedores dos premios que se ofrecen.

O xurado poderá descualificar a calquera das parellas que incumpra algunha das bases reguladoras deste concurso. Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do xurado. As decisións do xurado serán inapelábeis.

14. O conxunto que resulte gañador repetirá a peza libre como remate do concurso.

15. As parellas participantes non premiadas percibirán 40 € en concepto de achega para os gastos, os eliminados na xornada da mañá, e de 60€ do 4º ó 12º clasificados da final.

16. A inscrición no concurso implica a total aceptación das bases.

¹ Englobamos neste termo todas as pezas que aparecen nos cancioneiros galegos así como as recollidas en traballos de campo a gaiteros tradicionais galegos e temas sobradamente coñecidos como tradicionais dentro do repertorio dos gaiteros.



Xota dos 28 pontos

Tradicional

$\text{♩} = 75$

7

14

20

26

32

39

46

52

58

D.S.

The musical score is written in treble clef with a key signature of one flat (Bb) and a 3/4 time signature. It begins with a tempo marking of quarter note = 75. The score is divided into measures, with measure numbers 7, 14, 20, 26, 32, 39, 46, 52, and 58 indicated at the start of their respective lines. The melody features various rhythmic patterns, including eighth and sixteenth notes, and rests. There are several triplet markings (3) over groups of notes. First and second endings are marked with '1.' and '2.' above the staff. The piece concludes with a 'D.S.' (Da Capo) instruction.